



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Outubro 2022 • Nº 271

...se es de Vedra,

...se vives en Vedra,

...Empadrónate en Vedra!!



Concello
de Vedra

ESTACIÓN MÓBIL ITV EN VEDRA EN OUTUBRO


■ Lugar: Campo da Festa de Vedra.

Datas:

- **Martes 25 de outubro** de 9:00 a 13:30 h. e de 15:15 a 18:00 h.
- **Mércores 26 de outubro** de 9:00 a 13:30 h. e de 15:15 a 18:00 h.
- **Xoves 27 de outubro** de 9:00 a 13:30 h. e de 15:15 a 18:00 h.

Cita previa: No teléfono 902 309 000 ou na web www.sycitv.com.

OLLO Infórmanos de que a admisión de vehículos con características especiais estará condicionada á posibilidade de realizar as operacións de inspección regulamentarias.



SERVIZO DE TAXIS EN VEDRA!!!

- Pena Alonso (San Pedro de Sarandón): Tel: 630 876 188.
- Núñez Rúa (Illobre): Tel: 695 445 959.
- Furelos Magariños (Vilanova): Tel: 687 626 935.

OUTUBRO						
L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA TODOS OS TERCEIROS MARTES DO MES!!

■ Vedra ofrece un día ao mes para proporcionar á veciñanza información de Catastro, para facer uso da mesma É IMPRESCINDIBLE RESERVAR CITA no teléfono 981 814 612 de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas.

En outubro a cita é o martes 18!

CORTES DE TRÁFICO O 22 DE OUTUBRO

■ Con motivo do desenvolvemento das probas "DÚATLON DE VEDRA POR EQUIPOS CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DÚATLON CONTRA O RELOXO POR EQUIPOS".

O sábado 22 de outubro entre as 15:00 e as 19:30 horas as vías da DP-8203 dende Trobe e a Avenida do Mestre Manuel Gómez (núcleo urbano), ata o Terrón (cruce coa L-45), e dende aí por esa estrada local L-45 ata o lugar de Cornado, San Fins de Sales (Vedra) estarán cortadas á circulación ao tráfico.





CLAUSURA DO PROXECTO ERASMUS+ ENTERING THE GIG ECONOMY



■ No pasado mes de setembro tiveron lugar en Santiago de Compostela e Vedra diversos actos relacionados coa presentación dos resultados finais e clausura do proxecto liderado polo Condado de Meath (Irlanda) *Entering the Gig Economy*, e do que o Concello de Vedra e AGACA participaron como socios.

O acto de presentación dos resultados iniciouse coas intervencións do Alcalde de Vedra, Carlos Martínez, e Higinio Mougán, xerente de AGACA, ademais de



contar coa presenza da Secretaria Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, Covadonga Toca e cos técnicos das diferentes entidades estranxeiras, socias do proxecto.

Este evento serviu tamén como oportunidade para estreitar máis os lazos do Concello de Vedra coa Comune di Capannori (Italia) coa que ten asinado un pacto de amizade ao contar coa presenza nestes actos do Vice Alcalde da cidade italiana, Matteo Francesconi.




Vedra acolleu un intercambio europeo baixo o nome de “Socialia: sostibilidade, desenvolvemento e patrimonio”; un proxecto que conta co apoio financeiro do Programa Erasmus+ da Unión Europea (Mobilidade xuvenil). Unha experiencia na que participaron 30 mozos e mozas con idades entre os 18 e 25 anos.



Presentación coa Asociación Protectora de Animais do Camiño (APACA) da Campaña de esterilización e microchipeado de cans e gatos.



Xornada de Limpeza polo Río Ulla proposto polo Centro Comercial As Cancelas en colaboración coa Asociación Amabul e o Concello de Vedra.



Celebración da patrona do Centro Social.



Sesión formativa coa SECOT no Centro de Emprendemento A Estación.



Paso de Toupiciencia Show por Vedra.



Porta a Porta en Vedra.

ASÍ FORON AS INICIATIVAS ASOCIATIVAS NO DEPORTE



Entrega de premios da 26ª Carreira Popular do Gundián 2022.



Un dos momentos na Carreira Popular do Gundián 2022.



Homenaxe a Manuel Silva no Campo de Fútbol que xa leva o seu nome.



Foto de familia na homenaxe a Manuel Silva.



EXPOSICIÓN “QUENTIÑOS DA FORXA” “FUNDACIÓN PACO LAREO. A Solaina de Piloño” NO CENTRO SOCIO CULTURAL DE VEDRA

■ Esta mostra itinerante e inédita cunha antoloxía de 30 pezas artísticas de recoñecidos pintores e escultores galegos amigos de Paco Lareo que no seu día o agasallaron con ditas obras e que nunca saíran

de Piloño. Estará aberta ao público en Vedra nas seguintes datas e horarios:

- 3, 4, 5, 6, 7, 10 e 11 de outubro de 17:00 a 21:00 h.


EXPOSICIÓN “BAILARINAS” DE CRISTINA CORRAL VÁZQUEZ NO CENTRO SOCIO CULTURAL DE VEDRA

■ A esta veciña de Vedra sempre lle gustou todo o que tivera que ver ca arte e o artístico... Comezou a pintar con acuarelas no confinamento en aproveitamento do tempo de lecer sen importarlle o tema: paisaxes, animais, flores, mariñas,... todo valía para aprender.

Unha bailarina foi o primeiro que pintou soa e a partir disto elas convertéronse no eixe das súas composicións sendo cada unha delas un novo reto de superación. Agora toca mostrar a súa obra.

- **Data da inauguración:** xoves 20 de outubro ás 21:00 horas no Centro Socio Cultural de Vedra.

- **Horario de apertura da exposición:** Do 21 de outubro ao 13 de novembro en horario de apertura do centro de 17:00 a 21:00 horas.



Turismo



DÍA DO CAMIÑO VEDRA – BOQUEIXÓN O 8 DE OUTUBRO

■ 2 PERCORRIDOS:

- O primeiro dende **Dornelas** ao **Pico Sacro** (con 18,5 km) con saída ás 9:30 h dende a Igrexa de San Martiño de Dornelas (Silleda).
- O segundo dende **Ponte Ulla** ao **Pico Sacro** (con 11 km) con saída ás 11:30 h en Ponte Ulla (Vedra).

Ao finalizar haberá unha degustación de produtos locais de Vedra e Boqueixón e traslado en autobús para recoller os vehículos no punto de saída.

INSCRICIÓNS ATA O 5 DE OUTUBRO: No enderezo electrónico casadospeons@concellodevedra.gal ou no teléfono 981 814 612.

RUTA DORNELAS-PICO SACRO

8 de outubro

SAIDAS:

9:30 H DORNELAS 18.5 KM

11:30 H PONTE ULLA 11 KM

- Degustación de produtos de Vedra e Boqueixón
- Desprazamento en autobús para a recollida de vehículos o finalizar a degustación


Inscripcións
casadospeons@concellodevedra.gal
981814612

Logotipos: Concello de Vedra, Concello de Boqueixón, Concello de Silleda

INSTALACIÓN INTERACTIVA SOBRE A VÍA DA PRATA DO 4 AO 11 DE OUTUBRO NO CPI PLURILINGÜE DE VEDRA


■ Consta dun xogo interactivo e de 3 paneis expositivos.

Unha iniciativa que se enmarca no programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia.



A PAISAXE DE GALICIA DENCE A BICICLETA DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

■ Un proxecto que propón coñecer Galicia pedaleando a través de 52 rutas que nos levan por toda a xeografía galega.



Nel non podía faltar a **Ruta Cicloturística polo Val do Ulla**, 34 quilómetros que nos levan por todos os recunchos do concello de Vedra.

Xa podes consultar todas as rutas en Wikiloc, no perfil do Instituto de Estudos do Territorio. Se vos animades a facer unha das 52 rutas, recordade que Wikiloc é unha rede social, así que non vos esquezaades de subir as vosas fotos e contar a vosa experiencia.

LIGA DE FUTBOL SALA CONCELLO DE VEDRA 2022-2023

■ SOLICITUDE DE PRAZA

- Do luns 3 de outubro ao luns 17 de outubro. Solicitude de praza a través do formulario na web www.deportesvedra.com.

Só é necesario o nome do representante e o nome provisional do equipo. Terán prioridade os equipos que estiveran na liga 2019-2020 e o resto de prazas concederanse por orde de solicitude ata un máximo de 16 equipos.

■ PUBLICACIÓN DE EQUIPOS ADMITIDOS E REGULAMENTO DA COMPETICIÓN

- Martes 18 de outubro.

■ INSCRICIÓN DEFINITIVA DE EQUIPOS E XOGADORES

- Mércores 19 de outubro a venres 28 de outubro.

Para a inscrición definitiva dos equipos será necesario aboar a cota de inscrición. Para a inscrición de xogadores será necesario presentar a relación con nome, apelidos, dni, enderezo e data de nacemento e facer

efectivo o pago de seguro deportivo.

■ PUBLICACIÓN DO CALENDARIO DE COMPETICIÓN

- Mércores 2 de novembro.

■ COMEZO DA LIGA

- Luns 7 de novembro comezo da competición

■ PREZO

- 200 € para equipos con polo menos 6 xogadores empadroados no concello e 250 € para resto de equipos.

Os equipos deberán pagar a maiores o seguro obrigatorio de accidentes deportivos (45 € por xogador). Este seguro ten un importe por xogador, polo que o prezo total depende do número de xogadores de cada equipo.

■ MAIS INFORMACIÓN

- No pavillón municipal de deportes, no mail deportesvedra@outlook.es ou no teléfono 981 502 290.



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Curso de dixitalización de persoas maiores "Mellor Acompañados":

Ensino de novas tecnoloxías:

- Máquina de quendas de Concellos e Centros de Saúde.
- Caixeiro automático.
- Teléfono móbil.
- App móbil do Sergas.

Datas: 7, 14 e 21 de outubro en horario de mañá.

Para máis información e inscricións:

Centro Sociocultural de Vedra:
981 502 024 (en horario de tarde).
Servizos Sociais: 981 814 695 (en horario de mañá).

Colaboran: Fundación Amigos de Galicia e Xunta de Galicia.



■ Excursión á Comarca do Salnés (Cambados, Ribadumia...)

Xoves 13 de outubro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 3 de outubro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por rigurosa orde de inscrición).

■ Bingo

Xoves 20 de outubro ás 20:00 h.

■ Circuito termal nas Termas De Outariz

Luns 24 de outubro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte,

comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 10 de outubro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaránse por rigurosa orde de inscrición).

LUDETECA MUNICIPAL NO MES DE OUTUBRO

■ Este mes o proxecto Conxuga aproveita para traballar a educación para a corresponsabilidade e a igualdade en todas as actividades.

Con esta intención, propón os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogos cooperativos
- Gran xogo
- Xincanas
- Miúdos artistas
- Superchef
- Celebramos o magosto, o Samaín...

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9:00 a 13:00 h. carmen.sabio@concellodevedra.com



AXUDA DE 200€ PARA PERSOAS FÍSICAS DA AXENCIA TRIBUTARIA

■ É unha axuda de pago único de 200€ para as persoas físicas de baixo nivel de ingresos e patrimonio, que sexan asalariadas, autónomas ou desempregadas. As rentas do ano 2021 da unidade familiar deberán ser inferiores a 14.000€ e o patrimonio, agás a vivenda habitual, non superar os 43.196,40€. Están excluídas as persoas perceptoras do IMV e quen perciban unha pensión.

A axuda pode solicitarse a través da sede electrónica da AEAT e será necesario dispoñer de certificado electrónico, DNI-e ou Cl@ve.

Máis información e acceso ao formulario de solicitude dispoñible na web da Axencia Tributaria.



Agencia Tributaria

PROGRAMA DE TERMALISMO DO IMSERSO INCLUSIÓN NAS LISTAXES DE AGARDA

■ Actualmente segue aberto o prazo para a inclusión nas listaxes de agarda do TERMALISMO do IMSERSO para as quendas dos meses de setembro a decembro de 2022.

Este prazo manterase aberto ata o 30 de outubro de 2022.

A inclusión na listaxe de agarda é para poder acceder ás prazas que vaian quedando vacantes por renuncias ou outras circunstancias.

Máis información:

- Na páxina web do IMSERSO: www.imserso.es
- No teléfono do IMSERSO: 912 667 713
- No departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra (981 81 46 93)

BONO ALUGUEIRO MOCIDADE

■ A Xunta de Galicia ten aberto o prazo ata o 31 de outubro de 2022 para solicitar a axuda do bono alugueiro mocidade, para persoas menores de 36 anos que sexan titulares dun contrato de alugamento, dispoñan dunha fonte regular de ingresos e que as súas rentas anuais incluída a unidade de convivencia sexa inferior ou igual a 3 veces o IPREM.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia:

Máis información, contía e requisitos na Orde de convocatoria (DOG 124, de 30.06.2022) e no teléfono do IGVS 981 541 981.

**BONO ALUGUEIRO MOCIDADE**22,8 M€

AXUDAS PARA O PAGO DA RENDA DA VIVENDA HABITUAL
DIRIXIDAS Á MOCIDADE DE ENTRE 18 E 35 ANOS
250 € AO MES DURANTE 2 ANOS

REQUISITOS:
TER UNHA FONTE REGULAR DE INGRESOS E QUE NON SUPERE OS 24.319 € ANUAIS
A CONTÍA MÁXIMA DO ARRENDAMENTO NAS CIDADES SERÁ DE 600 €

PRAZO · ATA O 31 DE OUTUBRO

#ConstruíndoFogar



CONTINÚA O “MULLERES +”

■ Programa GRATUÍTO da promoción do apoderamento persoal e autocoidado para mulleres no Concello de Vedra.

- Coñecementos básicos no uso das TIC.

As participantes adquirirán coñecementos básicos e habilidades metodolóxicas no uso do computador e os seus compoñentes básicos, o uso dalgunhas aplicacións móbiles e as principais utilidades da internet.

- Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.com, teléfonos 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 horas.

Como actividades complementarias do programa MULLERES+ realizaranse os seguintes obradoiros:

CURSO DE AUTODEFENSA PARA MULLERES O 14 E 21 DE OUTUBRO

■ Requisitos:

- Ter 14 anos ou máis



- Inscribirse previamente dende o 1 de setembro ata o 11 de outubro ou ata cubrir prazas.

- É necesario asistir á actividade con roupa cómoda ou deportiva.

Características:

- Impartido por Ruth Lorenzo; terceiro Dan de Kárate, segundo Dan de autodefensa, instrutora de autodefensa, técnica nivel 3; deportista galega de alto nivel; mestrado en alto rendemento deportivo, graduada en ciencias da actividade física e o deporte.

- Actividade gratuíta.

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9:00 a 13:00 h. ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

OBRADOIRO DE SEXUALIDADE

■ Dirixido ao alumnado de secundaria en colaboración co CPI de Vedra.

- **Datas:** o 9 e 10 de novembro; non é necesario inscribirse previamente.



Emprendemento

hai  Vedra


eu ofrezoo ti mercas él/ela colabora

ti sumas

nós comprometémonos vós confiades; Vedra mellora



Concello de Vedra



"visita www.haivedra.gal a nosa plataforma de venda en liña"



LAV.MOV 2022 DA ASOCIACIÓN SENUNPESO

■ Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla.

7 de outubro

- **18:00:** Comeza o concurso A Fume de Carozo, 48 horas para crear unha curtametraxe a partir duns requisitos sorpresa e gañar un premio de 1.000 €.

8 de outubro

- **10:30 - 13:30:** Obradoiro para a rapazada (6 a 12 anos) sobre os xoguetses ópticos do cinema, "Paper cinético", con Belén Veleiro. GRATUÍTO! Inscripción aberta ata o xoves 6 de outubro.
- **10:30 - 14:30 e 16:00 - 20:00:** Obradoiros "Preparación de casting para actores e actrices" con Sandra Montes e "Iniciación aos VFX" con Pablo Lamosa.
- **Todo o día:** Rodaxe no concello de Vedra das curtametraxes a concurso.

9 de outubro

- **10:30 - 14:30 e 16:00 - 18:00:** Continúan os obradoiros para persoas adultas.
- **18:00:** Entrega das curtametraxes do concurso A Fume de Carozo.
- **18:00 - 19:00:** TrouLAV: un pouco de troula para celebrarmos o remate da gran fin de semana do



audiovisual en Vedra. Convidadas todas as persoas participantes nos obradoiros e no concurso e todo o público da gala final.

- **19:00:** Gala final. Proxección das curtametraxes realizadas ao longo da fin de semana polos equipos participantes no concurso A Fume de Carozo e elección da peza gañadora por un xurado profesional. Este ano como novidade haberá premio do público. Evento aberto a todo o público.

+ Info e inscricións en senunpeso.org. Colaboran: Concello de Vedra, Deputación da Coruña, Asociación Papaventos, Nordesía e Modelarte.

QUERES PARTICIPAR COMO ACTOR OU ACTRIZ NAS CURTAMETRAXES A CONCURSO DO LAV.MOV 2022?

■ Se che interesa participar como actor ou actriz, envíanos a senunpeso@gmail.com os seguintes datos: nome e apelidos, idade e dispoñibilidade horaria do 7 ao 9 de outubro, e acompaña unha fotografía.



VOLTA O CAMPIONATO GALEGO DE DUATLON CONTRA O RELOXO POR EQUIPOS CO OLÍMPICO DE VEDRA

■ O vindeiro día 22 de outubro de 2022, o Club Olímpico de Vedra, organiza o **Dúatlon de Vedra por equipos - Campionato Xunta de Galicia de dúatlon contra o reloxos por equipos**.

Constitúe a VII edición do Duatlón Concello de Vedra. Por 6º ano consecutivo dispútase na modalidade de contra o reloxos por equipos e é o **Campionato Galego da modalidade de dita federación**.

Estímase unha participación de entre 85 e 120 equipos de entre 4 e 6 participantes cada un, o que suporá un mínimo de 400 deportistas competindo, visitando e coñecendo o noso concello.

A sétima edición fíxose esperar, xa que estaba prevista para o 14 de marzo de 2020, data que marcou un antes e un despois nas nosas vidas, por mor da pandemia. Dende aquel día, o Club Olímpico de Vedra sempre tivo en mente cando sería o momento de retomar a proba, e comprometéronse a volver cando fose seguro e se puidera gozar do evento en condicións de normalidade.

E finalmente, esa data chegou!!

A proba divídese en tres segmentos:

Circuíto de carreira a pé con dúas voltas no primeiro segmento e unha no terceiro segmento, e un segundo segmento que será o circuíto de ciclismo a dúas voltas.

A pista de rodadura será a ampla área de transición,



saída, meta e secretaría; e os vestiarios e duchas no pavillón de Vedra.

A proba comezará ás 15:00h e a hora estimada de finalización serán as 19:30h, neses horarios serán continuos os equipos competindo polas nosas estradas, sendo así as vías afectadas a DP-8203 dende Trobe e a Avenida do Mestre Manuel Gómez (núcleo urbano), ata o Terrón (cruce coa L-45), e dende aí por esa estrada local L-45 ata o lugar de Cornado, San Fins de Sales (Vedra). (Estará cortada a circulación ao tráfico).

Para a celebración da proba o día 22/10, dende o Club Olímpico de Vedra, agradecen o apoio e comprensión da veciñanza, así como solicitan a colaboración para un exitoso desenvolvemento da mesma, podendo todas aquelas persoas que o desexen e estean dispostos a botar unha man, anotarse como voluntarios no mail olimpicodevedra@hotmail.com, ou a través dos formularios publicados nas súas redes sociais, feito que agradecen de antemán.

E EN NOVEMBRO... CICLO DE TEATRO FEGATEA COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS!!



IV XORNADAS MICOLÓXICAS COGOMELAR DA ASOCIACIÓN AMBIENTAL AMABUL

Xornadas micolóxicas COGOMELAR 2022

15 de outubro (de 10:00 a 14:00 h.):
O método "hábitats, cores e formas" para o estudo de cogomelos

15 de outubro (de 16:00 a 20:00 h.):
Caracteres macroscópicos dos cogomelos

22 de outubro (de 10:00 a 14:00 h.):
Caracteres organolépticos dos cogomelos

23 de outubro (de 10:00 a 14:00 h.):
Caracteres microscópicos dos cogomelos

Imparte:
Chemi Traba

Preinscrición:
www.amabul.org
Prazas limitadas!!!

Lugar:
Centro Sociocultural de Vedra

Máis info:
620 424 090
amabul@amabul.org
@asoc.amabul/

Logos: Deputación da Coruña, ASOCIACIÓN AMABUL, Aula Ambiental ULLA, Concello de Vedra

PASABODEGHAS 2022 DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

espazo activo
DA ULLA, SAN MIGUEL DE SARANDÓN, VEDRA, 2MI22

29 OUTUBRO

PASABODEGHAS "PARTICIPACIÓN NO RURAL"

17:00. RUTA GHAITEIRA [punto de encontro-campo da festa]
Liantes | Escachaferreñas | Maianas | Rampos Esquivos |
Os Farrapos de Cesullas | Os ke hai | Charanghailos |
Os Feroces da Galgueira | Sarillo de Aiaz | Pequenos do Barbansa
Airiños do Eume | Arrancadeira | FraghUllas | Buxaina |
Pena do Corvo | No Cómbro | Son da Illa | Silvarredonda | Silandeira

17:45. IRMANDADE [FESTEILETRAS E PASABODEGHAS] [Cruce da Pedreira]

18:00. OS MONIFATES [animación musical] [Espazo Infantil]

18:45. CIRCUS MAGNIFICUS [Espazo Infantil]

21:30. SUBIDA GHAITEIRA cos grupos "Xa era hora" [Aídea do Couto] e "Treboada Son Galego"

22:00. VIVA DA TERRA E ACTO 10º ANIVERSARIO DO PASABODEGHAS

22:30. CONCERTOS [Campo da festa]

30 OUTUBRO

12:30. FESTIVAL FOLCLÓRICO DA ULLA [Campo da festa]
"ASOCIACIÓN ARRANCADERA" [Pobra do Caramiñal]
"ASOCIACIÓN CULTURAL CARCAXIA" [Malpica]
"ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO" [Sarandón-Vedra]

14:00. XANTAR CAMPESTRE

16:00. ANIMACIÓN MUSICAL CON CPM

CARUNCHOS COMANDO CURUXÁS MONOLITHIC DOP [BANDA]

FOLIADA

Logos: Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, X21, Espazo Activo, Concello de Vedra, Deputación da Coruña, E O MILLO... SEN APARAR III

Así Foi Asociativo



Acuxuve en marcha, excursión da mocidade ás termas de Ourense.



Acuxuve en marcha, obradoiro de expresión cultural.

A RAQUEL CASTRO

■ Veciña de San Xián de Sales, polo seu Premio Simbad dentro do Cértame de Literatura Infantil de Agadea Alzhéimer coa súa obra *Sobremesa sobre Versos*.



AO PAZO CIBRÁN E AO PAZO VISTA ALEGRE

■ Polos senllos diplomas SICTED, certificación de calidade turística en destino acadados xunto con outros establecementos de Terras de Compostela.



Xanela da Lingua


■ Por iniciativa do Consello de Europa, desde o ano 2001 celébrase o Día Europeo das Linguas para poñer en valor a diversidade lingüística da UE e para promover a aprendizaxe de idiomas entre a cidadanía do Vello Continente.

Unha conmemoración que nos lembra a importancia e máis a necesidade de preservar e fomentar a rica diversidade cultural e lingüística de Europa, así como de incrementar o grao de entendemento intercultural e lingüístico a través do impulso da aprendizaxe de linguas.

Celebra connosco o Día Europeo das Linguas!



En galego...
hai  Vedra



PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!